




Tecnoloxía e cultura.

IX Pleno do Consello de Comunidades Galegas
Montevideo, República Oriental do Uruguai
Decembro, 2009.

TECNOLOXÍA:

É innegable que a innovación tecnolóxica é un dos elementos claves na gran transformación social e económica que coñecemos como globalización. A Consellería de Emigración creou no ano 2003 o portal  galiciaaberta.com un espazo de encontro electrónico e de xestión de actividades da galeguidade.

No ano 2009 e con vistas ao futuro, as colectividades galegas deben entender que a intercomunicación cotiá entre as nosas asociacións, a



comunicación das nosas actividades, parte das xestións que realizamos coa administración de Galicia, a nosa formación e o intercambio de coñecemento teñen unha canle idónea de plasmación que é este portal.



UN PORTAL DE SERVICIOS PARA NOVAS NECESIDADES.

A formación on-line: a tecnoloxía ao servizo do coñecemento.

A formación on-line garántenos a posibilidade de que un número maior de galegos residentes fóra das nosas fronteiras teñan acceso a cursos de formación, en diversas materias, ademais estes cursos iranse repetindo ao longo do ano cun efecto multiplicador no número de beneficiarios dos mesmos. Sendo conscientes de que a formación on-line non exclúe os cursos de formación presencial, se a consideramos un instrumento fundamental das nosas políticas activas en favor da mellora dos procesos formativos e a xestión do coñecemento.



As características desta plataforma son:

- Interface sinxela
- Categorización de cursos
- Perfís de usuario

- Personalización da interface
- Autenticación
- Rexistro e seguimento do usuario

Acceso público



Acceso privado

Realización del curso



Cuestionarios


A e-administración: ferramentas de facilitación da relación das colectividade galegas coa administración de Galicia.

O Goberno de Galicia está emprendendo un ambicioso plan para fomentar e estender a relación electrónica do cidadán coa administración. O obxectivo desta política é mellorar a atención ao cidadán, garantir a transparencia en dita relación e aumentar a eficacia e rapidez dos trámites que os cidadáns e a sociedade civil establecen coa administración.



SISTEMA	DESCRIPCION	LEMA	VALOR
Información	Portales y contenidos	Pase sin llamar	Transparencia
Tramitación	Servicios telemáticos	Sírvase usted mismo	Servicio
Atención	Canales de relación	No vuelva usted mañana	Servicio / Equidad
Innovación	Intranet / Conocimiento / Colaboración	Más por menos	Intensidad / innovación
Participación	Mecanismos de participación	Usted también decide	Participación

Queremos garantir que as colectividades galegas sexan pioneiras na tramitación de axudas e subvenciones coa administración de Galicia. Para iso estase a xerar un plan por fases que garanta no ano 2010 a tramitación electrónica de gran parte das solicitudes de axuda da nosa galegitude. O esquema básico da tramitación electrónica é o seguinte:



Enquisas on-line: tomar o pulso dos intereses, necesidades e expectativas das comunidades galegas de forma cotián.

Definir e dirixir políticas a un determinado colectivo pasa por ter o coñecemento e a intelixencia necesaria para saber: a quen, cando e de que forma debemos actuar. Darlle voz e opinión a cada un dos galegos residentes no exterior significa aumentar o noso caudal de coñecemento de forma exponencial. Queremos que os galegos opinen, informen e valoren as actuacións que emprendemos e, para iso, a través do portal




habilitarase un servizo de enquisas on-line no que os nosos paisanos poderán deixar a súa opinión sobre diferentes temas.

A xestión do coñecemento. Valorar as leccións aprendidas.

A xestión do coñecemento que se desenvolve a través das ferramentas de Business Intelligence e a minería de datos procura relacionar todos os datos que se xeren na nosa actividade diaria como entidades na súa relación coa administración e da propia administración para, unha vez cruzados estes datos e depurados, ofrecer comprensión, intelixencia e coñecemento que nos axuden a mellorar as políticas públicas a favor das colectividades galegas e da emigración no seu conxunto. Esta ferramenta é un apoio fundamental na toma de decisións e na valoración obxectiva das políticas emprendidas en favor das comunidades galegas.

- Plataforma de BI **orientada a la solución** y **centrada en procesos** que incluye todos los principales componentes requeridos para implementar soluciones basadas en procesos.
- **Explotación de datos:**
 - Informes predefinidos
 - Informes personalizados
 - Cuadros de mando
- **Exportación de informes** a diversos formatos: html, excel, pdf,...
- **Integración de orígenes de datos diversos:** ficheros de texto, BBDD, hojas de cálculo,...



Abrir o portal  galiciaaberta.com á participación das comunidades galegas e dos galegos residentes no exterior.

Esta plataforma tecnolóxica debe estar orientada á participación tanto das entidades galegas como dos cidadáns galegos no exterior e servir de escaparate das nosas potencialidades como pobo dinámico, activo e moderno.

As diferentes ferramentas que sinalamos e outras que compoñen este portal: noticias, páxinas web de centros, foros, bolsas de traballo, videoconferencia, etc... están abertas á participación activa da galegitude e, serán efectivas, na medida que as entidades e particulares se comprometan na súa dinamización. A tecnoloxía é dinámica e integradora. Na medida que interioricemos estes conceptos darémoslles o xusto valor que teñen. A oportunidade é nosa e nosa é a responsabilidade de concibir o noso traballo desde esta perspectiva tecnolóxica.

CULTURA

Dimensión social da cultura na Galicia Exterior

En xeral, hoxe pénsase na **cultura** como o conxunto total dos actos humanos identificados cunha comunidade determinada, xa sexan estes, prácticas: económicas, políticas, científicas, xurídicas, relixiosas, discursivas, comunicativas..., **sociais** en xeral.

Partamos á hora de analizar este relatorio da seguinte premisa: **Non hai práctica social que estea desvinculada das restantes**. Isto significa que, tal como sempre escoitamos aos nosos profesores, non pode explicarse cabalmente, por exemplo, a historia da arte, se non se fai referencia á historia económica, á política, aos costumes, á moral, ás crenzas, etc., da época a estudar. De igual forma, non pode ser explicada a historia recente de Galicia sen mirar desde o seu territorio cara aos catro puntos cardinais, en busca das numerosas representacións que da súa cultura foron creando en todo o mundo tantas mulleres e homes que, por similares motivos e en momentos diferentes, protagonizaron **a diáspora galega**.

A cultura galega, como calquera outra, no pode ser vista como algo apropiable. É unha produción colectiva dun universo de significados que son transmitidos a través das xeracións. As xeracións adultas transmiten a cultura como patrimonio ou legado. Pero neste feito, existe un dobre xogo, xa que por parte destes, selecciónase o que se transmite e á súa vez

o receptor (as novas xeracións) tamén selecciona segundo os seus intereses.

O que tratarei de motivar con este texto, é a discusión de cal debe ser a día de hoxe, e referido á cultura galega, o conxunto de significados a transmitir ás novas xeracións de galegos residentes no exterior, de maneira que podamos igualar ao máximo as dúas partes da ecuación: legado existente para entregar ás novas xeracións – legado de interese para as novas xeracións.

AS INICIATIVAS, EN MATERIA CULTURAL LEVADAS A CABO ATA O MOMENTO POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

A partir da promulgación da Lei 4/1983, de 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, quedaron descritas no seu texto as actuacións que desde o Goberno de Galicia se desenvolverían no ámbito cultural cara ás comunidades galegas do exterior. Así pois, na citada lei indícanse dereitos e iniciativas dirixidas aos centros galegos do exterior, como:

- Dereito a gozar das bibliotecas oficiais de Galicia.
- Dereito a colaborar en medios de comunicación social e emisións de televisión dirixidos a galegos de dentro e fóra de Galicia.
- Dereito a impulsar actividades culturais e espectáculos orientados a preservar a lingua, a cultura e as tradicións galegas.
- Creación de prensa e revistas.

- Fomento de produción, distribución e intercambio de programas de radio e televisión, coa Galicia exterior.
- Distribución desde o Goberno de Galicia de fondos editoriais tendentes a contar a historia, a arte, a lingua e a realidade social de Galicia.
- Promoción de cursos e ciclos especiais sobre lingua, historia e cultura galegas tanto en centros docentes da Galicia territorial como nos países de asentamento das nosas comunidades.

A mencionada lei de 1983 definía nestes, e algúns outros puntos, os deberes que no ámbito da cultura pasaba a ter o Goberno de Galicia coa súa poboación emigrante.

Desde aquel momento definíronse unha serie de programas de actuación, creados a partir daqueles dereitos outorgados por lei aos nosos conveciños residentes en tantos lugares do mundo, dirixidos a preservar a cultura galega en calquera lugar onde houbera un centro galego. Eses programas, creados con maior ou menor imaxinación, con maior o menor acerto, ao longo dos anos foron evolucionando. En ocasións ampliáronse, noutras adaptáronse en busca de melloras e, incluso en algún caso, desapareceron iniciativas que non espertaron o interese esperado.

De calquera forma, existiu unha permanente evolución no tratamento dos programas culturais propostos desde o executivo aos galegos da diáspora, a través do correspondente departamento de emigración existente en cada época. Esta evolución debe continuar e **avanzar novas propostas**.

Así, créanse programas como os de cursos de lingua, historia e cultura galegas, o programa de cursos de folclore galego, programas dirixidos a fomentar as actividades deportivas, que como actividade social o é tamén cultural, programa de dotación de bibliotecas, máis tarde introdúcese iniciativas preocupadas polo desenvolvemento das “novas tecnoloxías”... Estes son só algúns exemplos do interese que o Goberno de Galicia tivo por o concepto que nos ocupa, a cultura, cara aos nosos galegos do exterior.

A XUVENTUDE, RECEPTORA DO LEGADO CULTURAL.

Se volvemos uns parágrafos atrás, observaremos que na ecuación formulada como obxectivo a resolver coa discusión deste relatorio, o denominador común existente, é o das novas xeracións, a xuventude.

Fagamos un sinxelo exercicio que xere o necesario debate e enriqueza as súas conclusións. Nunha lista colocaremos a herdanza cultural que, os pais das novas xeracións da poboación galega residente no exterior, posúen para entregar aos seus fillos. Noutra, tratemos de incluír os temas que

sobre este concepto, a cultura, motivan o interese destes mozos e mozas receptores.

Fagámolo en función do significado que do termo **cultura** indicamos nas primeiras liñas deste texto (conxunto total dos actos humanos identificados cunha comunidade determinada, xa sexan estes, prácticas: económicas, políticas, científicas, xurídicas, relixiosas, discursivas, comunicativas..., sociais en xeral) e sen esquecer a premisa establecida: **Non hai práctica social que estea desvinculada das restantes.**

Esta é a proposta inicial para o debate:

Legado existente	Legado desexado
<ul style="list-style-type: none"> • Lingua galega. • Disciplinas folclóricas: baile, gaita, canto. • Coñecemento de Galicia e a súa historia a nivel literario. • Coñecemento de Galicia e a súa historia a través de viaxes. • Fondos editoriais. • Bens patrimoniais dos centros galegos. • Masa social dos centros. • Calendarios culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua galega. • Disciplinas folclóricas: baile, gaita, canto. • Coñecemento de Galicia e a súa historia a nivel literario. • Coñecemento de Galicia e a súa historia a nivel presencial. • Fondos editoriais. • Bens patrimoniais dos centros galegos. • Masa social dos centros. • Calendarios culturais.

<ul style="list-style-type: none"> • Formacións deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Formacións deportivas. • Relacións institucionais. • Relacións empresariais. • Coñecementos solventes en materia de liderado. • Coñecemento en materias TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación). • Espazos dos centros dedicados a viveiros empresariais.
--	--

Canto máis completa sexa a columna da esquerda nesta táboa, maiores serán as garantías con que a xuventude preserve a continuidade das institucións galegas do exterior e maior o interese con que acometan este importante labor. En todo caso será necesaria a cooperación das entidades galegas e a administración, en busca das fórmulas máis apropiadas para conseguir que ambas columnas sexan idénticas.

A cultura adquire desta forma unha dimensión social en todas as súas prácticas e con referencias próximas, non só ás orixes (Galicia), senón tamén ás terras de acollida, onde deben ser fomentadas todo tipo de prácticas sociais a través das cales as institucións galegas adquiran, se aínda non o teñen feito, papeis relevantes neste concepto de cultura social.